



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O CONCELLO DE A PEROXA PARA O EQUIPAMENTO DO AUDITORIO DE A PEROXA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar co Concello de A Peroxa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de A Peroxa para dotar do equipamento e das infraestruturas necesarias o Auditorio de A Peroxa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que contamos, como neste caso a realización das actuacións de equipamento do Auditorio de A Peroxa que, coa realización das actuacións indicadas, ao tratarse dun edificio que alberga varios usos: alberga a biblioteca municipal, o auditorio e un museo, dáse resposta





as necesidades que se xeran ao longo do ano referente á programación cultural pero tamén ás actividades organizadas por diferentes colectivos e asociacións, funcionamento de escolas de música, conservatorios, etc sendo un referente cultural para toda a poboación do municipio e concellos limítrofes. Con esta actuación o Concello pode prestar servizos con certo nivel de integración, de carácter educativo cultural e con gran participación cidadá.

Por todo o anterior é o Concello de A Peroxa o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

